

Obradoiro de iniciativas emprendedoras.

Introdución.

As sociedades desenvolvidas de comezos do século XXI caracterízanse por unha interconexión e unha complexidade crecentes, que fan xurdir novas necesidades que o eido educativo se ve na obriga de satisfacer.

A globalización económica e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) produciron cambios importantes que teñen fortes repercusións sociais. A terciarización da economía e o aumento dos niveis de consumo, xunto coa extensión de novas formas de pobreza, dan lugar a novas realidades sociais. O paso dunha sociedade industrial a unha sociedade do coñecemento pon en primeiro plano a necesidade de dispoñer dunha formación cada vez máis versátil e flexible.

Os cambios habidos nos últimos tempos no mercado de traballo, os retos que supón o incremento dos movementos migratorios por todo o Planeta, exixen que o sistema educativo contribúa a dar aos novos mozos e mozas as ferramentas necesarias para enfrontar este novo mundo globalizado. Estas novas demandas unha nova forma de enfocar as finalidades da educación obrigatoria. A formación adquirida ao longo do ensino obrigatorio debe proporcionar aos nosos alumnos e alumnas os elementos necesarios para comprender e enfrontarse ao mundo actual, desenvolvendo competencias que os capaciten para resolver os problemas cos que se van enfrontar.

A Lei orgánica de educación reconece como un dos seus principios inspiradores o compromiso decidido cos obxectivos educativos suscitados pola Unión Europea para os próximos anos. Entre eles, destaca a pretensión de que a educación contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica, capaz de lograr un crecemento económico sustentado, acompañado dunha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e dunha maior cohesión social. Así mesmo, reconece como máis necesario que nunca que a educación prepare a nosa mocidade xoves para un mundo cada vez máis cambiante, onde as tecnoloxías e as ciencias evolucionan a gran velocidade e que a educación facilite o tránsito da etapa da formación ao mundo do traballo e viceversa, nun proceso de aprendizaxe permanente.

Consciente do déficit emprendedor que padecemos, a Unión Europea vén promovendo o seu fomento instando os estados membros a crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras.

Así, a partir do Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000 reconeceuse a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico. Esta é unha das premisas sobre as que descansa o Libro verde sobre o espírito empresarial en Europa (2003) da Comisión Europea, e sobre o que pivota o Plan de acción a favor do espírito empresarial, marco estratéxico do impulso ao tecido empresarial na Unión Europea. O fomento do espírito emprendedor é reconecido como unha competencia clave para enfrontar os cambios sociais e económicos que derivan da sociedade do coñecemento.

Neste contexto, a LOE inclúe entre os fins do sistema educativo o desenvolvemento da capacidade dos alumnos para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, a capacitación para a exercicio de actividades profesionais así como para a participación activa na vida económica. En concreto, na etapa da educación secundaria obrigatoria establécese como finalidade a preparación dos alumnos e alumnas para a súa inserción laboral, prestándolle

unha especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado.

Neste marco, a Comunidade Autónoma galega é consciente de que, para acadar a converxencia coa Unión Europea, necesita ampliar o tecido empresarial. Este carácter estratéxico do tecido empresarial xustifica que as políticas dirixidas á súa creación e ampliación fosen un dos eixes fundamentais que deseñou o goberno galego recentemente.

Así, Galicia introduce o fomento do espírito empresarial como un dos obxectivos que ten que acadar polo noso sistema educativo. Establécese a materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras coa finalidade básica de potenciar o desenvolvemento do espírito emprendedor dos alumnos e alumnas, así como relacionalos co realidade do seu contorno socioeconómico e produtivo.

O espírito emprendedor non debe considerarse só como un conxunto de calidades e habilidades co obxectivo de crear unha nova empresa, senón como unha actitude xeral ante a vida, que pode ser de utilidade tanto nas actividades profesionais, como na vida cotiá de calquera persoa. Baixo este enfoque, o concepto de espírito emprendedor debe incluír dous elementos diferentes: un concepto amplo de educación en actitudes e capacidades emprendedoras que incluírá o desenvolvemento de calidades persoais que potenciarán as habilidades dos alumnos; e un concepto específico de formación dirixido á elaboración e execución dun proxecto emprendedor, sexa baixo a forma de empresa, de cooperativa, de asociación. Esta será a orientación que presida o deseño desta materia.

Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.

A materia de Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito evidente á adquisición das competencias básicas dos alumnos e alumnas do ensino secundario.

En canto á competencia en comunicación lingüística, a materia exixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos e as alumnas veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formarse xuízos críticos, a dialogar, a organizar a información (tanto a propia como a xerada por outros). Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais, expoñendo as ideas, presentando proxectos e produtos, promocionándoos e relacionándose cos potenciais clientes e provedores.

En canto á competencia matemática, a materia contribuirá a facilitar aos alumnos e as alumnas a utilización de ferramentas de cálculo (especialmente no relativo aos custos e aos beneficios). Tamén será frecuente o uso de información cuantitativa para poder valorar diferentes alternativas, xunto cos elementos e razóns matemáticas como ferramenta de axuda para

resolver problemas relacionados coas situacións da vida cotiá e na toma de decisións.

A materia contribúe á competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico en canto incorpora habilidades para desenvolverse axeitadamente na comprensión de sucesos e na predición das consecuencias das nosas actividades. Por outra banda, as capacidades desenvolvidas con esta materia facilitarán que os alumnos e alumnas poidan interpretar o mundo tendo unha correcta percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade económica humana. As consecuencias no medio físico da actividade levada a cabo polas empresas serán outro aspecto destacable como resultado dos contidos traballados na materia, promovendo un uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio, o consumo racional e a protección da saúde individual e colectiva como un dos fins que deberá guiar a actividade empresarial.

A materia Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe dun xeito especial á consecución da competencia dixital e do tratamento da información. Os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización das tecnoloxías da información e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia. Así mesmo, contribuirase ao desenvolvemento da capacidade dos alumnos e as alumnas para transformar a gran cantidade de información que as novas tecnoloxías poñen á nosa disposición en coñecemento útil, facilitando que os alumnos poidan resolver problemas tanto propios como alleos: detectar necesidades insatisfeitas, ofertar produtos novos ao mercado, utilizar as novas tecnoloxías para a promoción e as vendas dos produtos....

A conexión da materia co desenvolvemento da competencia social e cidadá é enorme. A presenza das empresas como elemento fundamental da actividade económica é incuestionable. A través das capacidades desenvolvidas na nosa materia, os alumnos adquiriran conciencia da importancia do papel coordinador das empresas, e do asociacionismo en xeral, axudándoos a comprender a realidade social e económica do mundo en que viven. Tamén aprenderán a asumir responsabilidades, a comprender a dimensión multicultural da realidade social actual e como a actividade económica non pode ser allea a ela. Desenvolverán habilidades sociais relativas á xestión de conflitos e á necesidade de negociación presentes en calquera organización social (e a empresa non deixa de selo). Asumirán que a actividade económica e empresarial ten unha dimensión ética e unha responsabilidade social cada vez máis ineludibles. Así mesmo, os alumnos e as alumnas comezarán o exercicio da súa cidadanía achegando se ao contacto coa lexislación económica e laboral, ao coñecemento e exercicio dos dereitos e deberes dos cidadáns, partindo da dobre dimensión de patronos e traballadores.

En canto á contribución á competencia cultural e artística podemos destacar que o contacto coas dife-

rentes realidades culturais no mundo actual obriga ás empresas a adaptar os produtos ás diferentes sensibilidade e necesidades sociais e culturais. As empresas deben coñecer e respectar esas diferenzas e ofrecer diferentes posibilidades e alternativas que satisfagan os potenciais clientes. Por outro lado, as necesidades de deseñar (logos, imaxes de marca, envases, campañas de publicidade) contribuirán a desenvolver as capacidades artísticas, de iniciativa, imaxinativas, o fomento da creatividade en suma, dos nosos alumnos.

O Obradoiro de iniciativas emprendedoras contribúe á competencia para aprender a aprender fomentando a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer un por si mesmo e do que se pode chegar a facer coa axudas dos demais. Alumnos que en ocasións desconectan dos contidos educativos máis académicos e tradicionais, conseguen contactar co sistema a través de materias como esta que teñen un forte carácter práctico e que lles permiten desenvolver a competencia persoal, que os estimula e os motiva, fomentando a confianza en si mesmo e o gusto por aprender. Contribúe tamén a que tomen conciencia de que as capacidades das persoas son diferentes, de que cada un ten as súas, pero todas son válidas e de que xuntas poden chegar a producir xuntas bos resultados. Pon de manifesto a posibilidade de emprender proxectos persoais, dividíndoos en metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e vendo a necesidade de aplicar o esforzo á aprendizaxe de forma progresiva e realista.

No que toca á autonomía e iniciativa persoal, a nosa materia axuda os estudantes a desenvolver a confianza en si mesmos e a motivación por actuar. Verán que todos temos ideas, como se poden seleccionar aquelas máis axeitadas e levalas á práctica. Contribúe a elevar a autoestima, a autocrítica e o coñecemento de si mesmo. A necesidade de tomar decisións, de elixir cun criterio propio, calculando os riscos e avaliándoos para despois asumir as consecuencias das nosas decisións, serán capacidades que se desenvolvan nesta materia. O desenvolvemento de proxectos emprendedores contribúe a que os alumnose as alumnas se habitúen a transformar as ideas en accións planificadas, propoñéndose obxectivos, planificando e deseñando, levando a cabo os proxectos e avaliándoos finalmente. Tamén implica desenvolver habilidades relacionadas co liderado de proxectos, que inclúen a confianza nun mesmo, a empatía, o espírito de superación, a capacidade de organización. En suma, a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, responsabilidade e sentido crítico.

Obxectivos.

O desenvolvemento desta materia debe contribuír a lograr a adquisición das seguintes capacidades:

1. Comprender o concepto de empresa e da persoa emprendedora e valorar o seu papel como axente xerador de riqueza e motor económico.

2. Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideais.

3. Coñecer os trazos básicos das actitudes, calidades persoais e as capacidades que constitúen a base do espírito emprendedor.

4. Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral.

5. Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.

6. Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para levar a cabo un proxecto emprendedor, tendo sempre respecto polo medio.

7. Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.

8. Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima, a creatividade.

9. Buscar, seleccionar e interpretar información, utilízala de forma crítica e responsable de acordo co fin perseguido e comunicala de forma organizada e intelixible aos demais.

10. Empregar as novas tecnoloxías da información e a comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

11. Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario no mundo globalizado actual.

Contidos.

Bloque 1. O emprendedor e a xeración de ideas emprendedoras.

* A importancia da motivación por emprender: importancia económica e social do emprendedor.

* As habilidades do emprendedor. Calidades persoais. Habilidades sociais. Habilidades de dirección.

* Fontes de ideas. Como atopar ideas.

* Xeración e maduración das ideas para un proxecto emprendedor. A valoración da idea xerada.

Bloque 2. Planificar para emprender.

* A necesidade e a conveniencia de planificar. Importancia e utilidade dos plans.

* Elaboración do plan emprendedor.

* A concreción da idea.

* A presentación das persoas promotoras do proxecto.

* A forma xurídica elixida.

* Características do produto ofrecido.

* A quen vai dirixido.

* A difusión do proxecto.

- * Como se vai desenvolver.
- * Os recursos humanos necesarios.
- * O financiamento necesario.
- * A previsión dos resultados.

Bloque 3. A posta en marcha: a execución do proxecto.

* Formas xurídicas de empresa. As empresas de economía social: as cooperativas. As asociacións.

* Os trámites de constitución e as obrigas ante as diferentes administracións: mercantís, fiscais, sociais...

* As relacións co mundo laboral: selección de persoal, carta de presentación, currículo, entrevista de traballo.

* As axudas aos proxectos emprendedores.

* A memoria do proxecto.

* Conclusión do proxecto emprendedor: control do proxecto, avaliación e propostas de mellora.

Criterios de avaliación.

1. Recoñecer a importancia do espírito emprendedor e valorar a súa achega á comunidade como xeradora de riqueza.

Pretende verificar que os alumnos e alumnas coñecen e valoran positivamente o importante papel económico desenvolvido polos emprendedores como axentes económicos e dinamizadores sociais que engaden valor e xeran riqueza á comunidade realizando unha tarefa que implica a asunción de riscos, anticipándose aos cambios e ás necesidades da sociedade.

2. Describir as características básicas do emprendedor, diferenciando as calidades persoais, as habilidades sociais e as habilidades directivas.

Con este criterio búscase comprobar que os alumnos e as alumnas recoñecen cales son as principais habilidades presentes nos emprendedores, separando as tres dimensións da acción emprendedor/ra (a individual, a social e a directiva) e que comprenden que a actitude emprendedora é unha actitude vital que serve para calquera proxecto en que se trate de conseguir obxectivos e resultados, nun proceso de mellora constante.

3. Descubrir e identificar as capacidades e potencialidades propias e as características do contorno socio-laboral, para establecer obxectivos persoais e profesionais de futuro.

Pretende valorar a capacidade do alumnado para actuar de forma autónoma e tomar decisións sobre o seu futuro profesional de acordo co seu autoconhecimento e as posibilidades da súa realidade socioeconómica, aproveitando o seu potencial persoal e as oportunidades do seu contorno.

4. Precisar diversos procedementos para a xeración de ideas emprendedoras, así como distintos métodos para selecciónalas e facelas madurar.

Trátase de comprobar que os alumnos e alumnas asumen que existen técnicas específicas que axudan a desenvolver a creatividade e a detectar posibilidades mesmo en contextos pouco propicios, e que valoran positivamente os efectos do seu desenvolvemento. Comprobarase o desenvolvemento da proactividade como un xeito de actuar anticipándose aos problemas futuros, necesidades ou cambios, buscando detectar as oportunidades que ofrece o contorno.

5. Identificar a importancia da planificación dos proxectos emprendedores, coñecer os elementos fundamentais que a integran e desenvolver proxectos e iniciativas persoais e profesionais.

Preténdese que os alumnos e alumnas demostren a importancia que ten a planificación para calquera tarefa, asumindo que, antes de poñerse a actuar, cõmpre reflexionar facendo un labor de deseño que actúe como guía da actividade que se vai emprender. Así mesmo, comprobarase que o alumnado coñece cales son as partes fundamentais en que debe estruturarse calquera acción planificadora e mostran hábitos de traballo individuais e cooperativos, asumen e responsabilízanse das tarefas encomendadas mostrando actitudes de perseveranza, autonomía e espírito de equipo.

6. Coñecer os trazos básicos das principais formas xurídicas de empresa e valorar especialmente os tipos de empresas de economía social.

Os alumnos e alumnas deben demostrar que recoñecen a importancia da forma xurídica dunha empresa e da súa elección, en que se diferencian unhas doutras incidindo especialmente no relativo ás diferenzas en materia de responsabilidade e de obrigas contraídas. Incidirase nas causas da especial valoración das empresas de economía social.

7. Describir os principais trámites de constitución e cubrir algúns dos documentos relacionados, facendo especial fincapé nos dereitos e obrigas laborais e fiscais.

Verifícase que os alumnos e as alumnas coñecen os procedementos e documentos básicos de constitución e xestión dunha empresa ou asociación, incidindo na súa familiarización cos impresos e documentos relacionados co mundo laboral e fiscal (carta de presentación, currículo, instancia, nómina...), así como que son capaces de buscar e seleccionar información de forma obxectiva e crítica e de comunicala de forma razoada e correcta.

8. Valorar a importancia dos procesos de avaliación e das reflexións finais tras a execución dos proxectos.

Trátase de comprobar que os alumnos e as alumnas tomaron conciencia da necesidade de control que todo proxecto implica, que as avaliacións teñen un dobre enfoque como comprobación e como medio de deteccións de erros e problemas co obxectivo final de mellorar.

9. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira.

Trata de comprobar que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e as utilizan con frecuencia e eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que exige coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.